



PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI
20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS,
PARA O INGRESO EN DIVERSAS CATEGORÍAS DA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS
AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA)

PREGUNTAS FRECUENTES

Ante as reiteradas consultas que se están a recibir en relación cas cuestións que a continuación se detallan, cómpre efectuar as seguintes aclaracións a fin de evitar erros na interpretación das bases que regulan os procesos:

1. ¿Qué titulacións se poden valorar en “Outros Méritos” ?

Nas titulacións que se poden valorar estarase ó disposto no punto III.1.1.2.b) das bases que rexen o proceso:

“.....Valoraranse titulacións superiores ou equivalentes á mínima requirida para cada categoría e/ou posto segundo se especifica para cada unha delas.”

Exemplo: un xefe de brigada que acceda co ciclo formativo de grao medio en Aproveitamento e conservación do medio natural pero que tamén acredite estar en posesión dun ciclo formativo de grao medio en Instalacións eléctricas e automáticas.

2. ¿A experiencia na Administración Pública puntúa?

Sí, a experiencia na Administración Pública enténdese recollida no apartado III.1.1.1. como experiencia en calquera outro ente público distinto de SEAGA, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos. Así mesmo, de acordo co recollido no punto III.2. no caso de traballadores ao servizo dalgunha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente ou do correspondente documento administrativo de toma de posesión acompañados, en todo caso, de certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

3. Si o nivel acreditado de galego é superior ó requirido pero non ten indicación expresa das horas lectivas, ¿pode puntuar?

Estarase ó disposto na normativa específica reguladora do correspondente certificado oficial.